



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MAZARICOS

Aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións 2025-2027

O pleno do concello de Mazaricos, en sesión ordinaria celebrada o día 14 de marzo de 2025, adoptou o acordo de aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2025-2027 que a continuación se transcribe literalmente:

“PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS PERÍODO 2025-2027

I. INTRODUCCIÓN

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, no seu Artigo 8, baixo de rúbrica de “Principios Xerais” sinala que “Os órganos das Administracións Públicas e calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles, e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria”.

A Sección 1ª do Capítulo III do Título Preliminar (Artigos 10 a 15) do Regulamento da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (en diante RGS), regula os Plans Estratéxicos de Subvencións.

De acordo con o Artigo 12.3 RGS “Os plans estratéxicos de subvencións ten carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigacións; a súa efectividade quedará condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo entre outros condicionantes ás disponibilidades orzamentarias de cada exercicio”.

En base ao anterior, o contido do Plan é meramente estimativo das liñas de subvención que se conteñen tanto nos créditos iniciais do Orzamento como naquelas que aínda non se incorporaron ao mesmo, non estando vinculados en ningún caso aos órganos competentes para a concesión de subvencións á apertura de novas liñas ou á non efectiva convocatoria das previstas, en función das circunstancias, condicionado en todo caso ás correspondentes consignacións orzamentarias e á estabilidade orzamentaria.

Por outra banda, o Artigo 14 do RGS sinala que “Anualmente se realizará a actualización dos plans de acordo con a información relevante dispoñible”, polo que documento ten un carácter dinámico e nel reflexarase a política de fomento que por parte desta Administración se pretenda levar a cabo

II- OBXECTIVOS E EFECTOS QUE SE PRETENDEN CONSEGUIR.

As subvencións incluídas no presente documento incardinanse dentro da política municipal de fomento daqueles sectores que pola súa especial transcendencia para a vida local deben ser apoiados financeiramente pola Administración municipal para o exercicio e levanza daquelas accións, actividades, proxectos e comportamentos, xa realizados ou por realizar, cunha marcada utilidade ou finalidade pública, ou ben cun interese público notorio.

O obxectivo concreto de cada unha das subvencións concretarase no anexo descritivo de cada unha das subvencións

III- PRAZO DE EXECUCIÓN.

As distintas liñas de subvención teñen carácter anual e unha imputación orzamentaria unicamente ao orzamento de 2025, non constando neste intre intención de outorgar subvencións con carácter plurianual.

IV- CUSTOS E FINANCIAMENTO.

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste Plan Estratéxico require a consignación orzamentaria e a aprobación, no seu caso, das correspondentes bases da Convocatoria ou, en casos específicos, o decreto ou convenio que aprobe a concesión directa.

As liñas de actuación son susceptibles de incrementarse con achegas suplementarias de fondos doutras administracións, suxeitos privados ou a través das modificacións orzamentarias.

O financiamento das subvencións que concede o Concello de Mazaricos levarase a cabo ordinariamente con fondos propios, con imputacións aos Capítulos IV e VII – Transferencias Correntes e Transferencias de Capital- do Orzamento de Gastos do exercicio de 2025.

Unicamente nas seguintes liñas de subvención prevense achegas externas:

- Subvención para o financiamento de gastos correntes da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Mazaricos.

VI.-RESULTADO DA AVALIACIÓN DE PLANS ESTRATÉXICOS ANTERIORES

De conformidade co establecido no art. 12.1.d) do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, o Plan estratéxico de subvencións conterá os resultados da avaliación de plans estratéxicos anteriores, nos que se trasladará o contido dos informes emitidos.

Así, ao non constar aprobado con anterioridade un plan estratéxico de subvencións, coa aprobación do presente plan non se chega avaliación dos resultados anteriores.

VII.-PUBLICIDADE DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS

De conformidade co establecido no art. 13 do Regulamento da Lei Xeral de subvencións, os plans estratéxicos de subvencións e as súas actualizacións deberán publicarse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas.

VIII.-APROBACIÓN E MODIFICACIÓN.

O órgano competente para la aprobación da modificación do Plan Estratéxico de Subvencións é o Pleno municipal, dado que se trata dun instrumento de planificación estratéxica da actividade subvencional ou de fomento e de xestión económica, de acordo co previsto no apartado e) do artigo 22.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.

A inclusión de novas liñas de subvencións, ou de novas subvencións nominativas, requirirá, como trámite previo á súa aprobación, a modificación do Plan estratéxico de subvencións, seguindo os mesmos trámites que para a súa aprobación.

PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS 2025-2027

DESTINATARIO	ASOCIACIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO					
	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONVOCATORIA/SUBVENCIÓN	MODALIDADE	CANTIDADE	FINANCIAMENTO	BENEFICIARIO
340.48000	-	Nominativa	10.000,00 €	100% municipal	Mazaricos FC	Financiamento gasto corrente
135.48000 135.78000	-	Nominativa	20.000,00 €	100% financiación privada (Convenio asinado con XEAL para dinamización social e cultural de data 11/12/2024)	Agrupación de voluntarios de protección civil do Concello de Mazaricos	Financiamento gasto corrente (12.000,00 €) e Inversión (8.000,00 €)

En Mazaricos, a 17 de marzo de 2025

O alcalde

asdo. Juan José Blanco Riveiro

2025/1724